FAMILIA PROFESIONAL

SERVIZOS SERVIZOS SERVIZOS

2026
2027

SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

SER
VIZOS S
SERVIZOS

LENDA

PFB	Programa formativo básico
CB	Ciclo formativo de grao básico
CM	Ciclo formativo de grao medio
CS	Ciclo formativo de grao superior
AB	Formación acelerada básica
AM	Formación acelerada media
AS	Formación acelerada media
EM	Curso de especialización de grao medio
ES	Curso de especialización de grao superior
O	Oferta ordinaria presencial
O	Oferta ordinaria a distancia
P	Oferta modular presencial
D	Oferta modular a distancia
I	Oferta réxime dual intensivo

Duración: 2000 horas

CB | Actividades domésticas e limpeza de edificios

Que se aprende a facer?

Realizar actividades domésticas de limpeza, cociña, coidado de roupa e apoio a persoas no ámbito doméstico, así como realizar operacións básicas de limpeza en edificios, oficinas e locais comerciais, seguindo instrucións e respectando as normas de calidade e a normativa ambiental e de seguridade e hixiene no traballo vixente, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa?

Actividades por conta allea en domicilios particulares e en empresas públicas ou privadas de calquera tamaño, no sector da limpeza e hixienización de calquera clase de edificios, locais, centros ou institucións sanitarias e de saúde, públicos ou privados, industrias, elementos de transporte (terrestre, aéreo ou marítimo), máquinas, espazos e instalacións, soportes publicitarios e moblaxe urbana. Desempeñará as súas funcións seguindo instrucións recibidas e baixo a supervisión directa de persoal responsable, e poderá traballar de xeito autónomo ou integrarse nun equipo de traballo.

Que ocupacións se desempeñan?

Limpador/a doméstico/a | cociñeiro/a doméstico/a | pasador/a do ferro doméstico/a, empregado/a de fogar | limpador/a | peón/peoa especialista de limpeza | especialista de limpeza | limpador/a de cristais.

Que título se obtén?

Título de Técnico básico en Actividades domésticas e limpeza de edificios.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3145	Actividades de apoio a persoas non dependentes na unidade convivencial	117
1º	AM3163	Ciencias aplicadas I	146
1º	MP3102	Cociña doméstica	237
1º	AM3161	Comunicación e ciencias sociais I	175
1º	MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade	60
1º	MP3098	Mantemento de pezas de vestir e roupa de fogar	175
2º	AM3164	Ciencias aplicadas II	146
2º	AM3162	Comunicación e ciencias sociais II	125
2º	MP3116	Limpeza con máquinas	163
2º	MP3104	Limpeza de domicilios particulares, edificios, oficinas e locais	408
2º	MP3160	Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa	25
2º	MP3146	Seguridade no ámbito doméstico	163

CB | Actividades domésticas e limpeza de edificios

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP3098	Mantemento de pezas de vestir e roupa de fogar	UC1332_1	Efectuar o proceso de lavado, pasada do ferro e cosido básico manual de pezas de roupa de vestir e roupa de fogar, e a preparación de camas, en domicilio particular
MP3102	Cociña doméstica	UC0255_1	Executar operacións básicas de aprovisionamento, preelaboración e conservación culinarios
		UC1331_1	Realizar o proceso de elaboración de alimentos nas súas fases de compra, organización, manipulación, cociñado e conservación, en domicilio particular
MP3104	Limpeza de domicilios particulares, edificios, oficinas e locais	UC0972_1	Realizar a limpeza de chans, paredes e teitos en edificios e locais
		UC0996_1	Levar a cabo a limpeza da moblaxe situada no interior dos espazos onde se vai a intervir
		UC1087_1	Realizar a limpeza de vidros en edificios e locais
		UC1330_1	Realizar a limpeza de domicilios particulares, en domicilio particular
MP3116	Limpeza con máquinas	UC1088_1	Realizar a limpeza e o tratamento de superficies en edificios e locais utilizando maquinaria

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1332_1	Efectuar o proceso de lavado, pasada do ferro e cosido básico manual de pezas de roupa de vestir e roupa de fogar, e a preparación de camas, en domicilio particular	MP3098	Mantemento de pezas de vestir e roupa de fogar
UC0255_1	Executar operacións básicas de aprovisionamento, preelaboración e conservación culinarios	MP3102	Cociña doméstica
UC1331_1	Realizar o proceso de elaboración de alimentos nas súas fases de compra, organización, manipulación, cociñado e conservación, en domicilio particular		
UC0972_1	Realizar a limpeza de chans, paredes e teitos en edificios e locais	MP3104	Limpeza de domicilios particulares, edificios, oficinas e locais
UC0996_1	Levar a cabo a limpeza da moblaxe situada no interior dos espazos onde se vai a intervir		
UC1087_1	Realizar a limpeza de vidros en edificios e locais		
UC1330_1	Realizar a limpeza de domicilios particulares, en domicilio particular		
UC1088_1	Realizar a limpeza e o tratamento de superficies en edificios e locais utilizando maquinaria	MP3116	Limpeza con máquinas

Duración: 2000 horas

CM | Atención a persoas en situación de dependencia

Que se aprende a facer?

Atender ás persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

En que ámbitos se traballa?

No sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Que ocupacións se desempeñan?

Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios|coidador/a en centros de atención psiquiátrica|xerocultor/a|gobernante/a|subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en Institucións|auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade|auxiliar de axuda a domicilio|asistente de atención domiciliaria|traballador/a familiar|auxiliar de educación especial|asistente persoal|teleoperador/a de teleasistencia.

Que título se obtén?

Título de Técnico en Atención a persoas en situación de dependencia.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0215	Apoio domiciliario	210
1º	MP0213	Atención e apoio psicosocial	210
1º	MP0216	Atención sanitaria	183
1º	MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160
1º	MP0156	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0003	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP0214	Apoio á comunicación	137
2º	MP0217	Atención hixiénica	137
2º	MP0211	Destrezas sociais	163
2º	MP1664	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0001	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	164
2º	MP0020	Primeiros auxilios	82
2º	MP1713	Proxecto intermodular	50
2º	MP0831	Teleasistencia	137

Nota*: Módulos optativos

Duración: 2000 horas

CM | Atención a persoas en situación de dependencia

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	UC2259_2	Desenvolver as intervencións de atención persoal
MP0213	Atención e apoio psicosocial	UC2260_2	Realizar intervencións de apoio psicofísico e socioemocional a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade
MP0214	Apoio á comunicación		
MP0215	Apoio domiciliario	UC2261_2	Realizar intervencións de apoio ás actividades básicas da vida diaria a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade
		UC2262_2	Realizar intervencións de apoio ás actividades instrumentais da vida diaria a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade
MP0216	Atención sanitaria	UC1018_2	Facilitar a atención residencial nas actividades sociosanitarias en institucións sociais
MP0217	Atención hixiénica	UC2259_2	Desenvolver as intervencións de atención persoal
		UC2261_2	Realizar intervencións de apoio ás actividades básicas da vida diaria a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade
MP0831	Teleasistencia	UC1423_2	Xestionar as chamadas e as alarmas entrantes no servizo de teleasistencia
		UC1424_2	Xestionar as chamadas salientes do servizo de teleasistencia
		UC1425_2	Aplicar ferramentas telemáticas e habilidades sociais para a prestación do servizo de teleasistencia

Duración: 2000 horas

CM | Atención a persoas en situación de dependencia

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC2259_2	Desenvolver as intervencións de atención persoal	MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia
UC2260_2	Realizar intervencións de apoio psicofísico e socioemocional a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade	MP0213	Atención e apoio psicosocial
		MP0214	Apoio á comunicación
UC2261_2	Realizar intervencións de apoio ás actividades básicas da vida diaria a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade	MP0215	Apoio domiciliario
UC2262_2	Realizar intervencións de apoio ás actividades instrumentais da vida diaria a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade		
UC1018_2	Facilitar a atención residencial nas actividades sociosanitarias en institucións sociais	MP0216	Atención sanitaria
UC2259_2	Desenvolver as intervencións de atención persoal	MP0217	Atención hixiénica
UC2261_2	Realizar intervencións de apoio ás actividades básicas da vida diaria a persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade		
UC1423_2	Xestionar as chamadas e as alarmas entrantes no servizo de teleasistencia	MP0831	Teleasistencia
UC1424_2	Xestionar as chamadas salientes do servizo de teleasistencia		
UC1425_2	Aplicar ferramentas telemáticas e habilidades sociais para a prestación do servizo de teleasistencia		

Duración: 2000 horas

CS | Animación sociocultural e turística

Que se aprende a facer?

Programar, organizar, pór en práctica e avaliar intervencións de animación sociocultural e turística, promovendo a participación activa das persoas e dos grupos destinatarios, e coordinando as actuacións de profesionais e persoal voluntario ao seu cargo.

En que ámbitos se traballa?

No sector dos servizos á comunidade (desenvolvemento comunitario e información xuvenil), no sector dos servizos culturais (lectura e información, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) e de recursos e produtos culturais diversos, e nos sectores de servizos turísticos e de lecer e tempo libre (actividades lúdicas e deportivas, ambientais e de aire libre).

Que ocupacións se desempeñan?

Coordinador/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil|director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil|responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil|coordinador/a ou director/a de campamentos, albergues de xuventude, casas de colonias, granxas-escola e aulas de casas de xuventude e escolas de natureza|monitor/a de tempo libre|animador/a sociocultural|dinamizador/a comunitario/a|asesor/a para o sector asociativo|técnico/a comunitario/a|xestor/a de asociacións|técnico/a de servizos culturais|animador/a cultural|Informador/a xuvenil|animador/a de hotel|animador/a de veladas e espectáculos|animador/a de actividades recreativas ao aire libre en complexos turísticos|xefe/a de departamento en animación turística.

Que título se obtén?

Título de Técnico superior en Animación sociocultural e turística.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
1º	MP1125	Animación e xestión cultural	207
1º	MP1131	Contexto da animación sociocultural	104
1º	MP1128	Desenvolvemento comunitario	104
1º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
1º	MP1129	Información xuvenil	129
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0344	Metodoloxía da intervención social	129
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MP1123	Actividades de lecer e tempo libre	240
2º	MP1126	Animación turística	244
2º	MP1124	Dinamización grupal	160
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MP1130	Intervención socioeducativa con xente nova	184
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0020	Primeiros auxilios	82
2º	MP1132	Proxecto intermodular de animación sociocultural e turística	50

Nota*: Módulos optativos

CS | Animación sociocultural e turística

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0344	Metodoloxía da intervención social	UC1022_3	Dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de intervencións e proxectos comunitarios, e de participación cidadá que se desenvolvan entre os axentes que configuran unha comunidade ou unha zona territorial
		UC1024_3	Establecer estratexias de comunicación e difusión dos proxectos e as actuacións comunitarias
		UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social
MP1123	Actividades de lecer e tempo libre	UC1868_2	Aplicar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre e outros ámbitos da educación non formal
		UC1869_3	Coordinar a planificación, a xestión e a avaliación de proxectos de tempo libre educativo e noutros ámbitos da educación non formal
MP1124	Dinamización grupal	UC1093_3	Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer
		UC1867_2	Intervir en procesos grupais no marco do tempo libre educativo e outros ámbitos da educación non formal
		UC1870_3	Liderar equipos de persoal monitor en proxectos de tempo libre educativo e outros ámbitos de educación non formal
MP1125	Animación e xestión cultural	UC1431_3	Xestionar actividades culturais
		UC1432_3	Programar e dinamizar proxectos culturais coas redes asociativas culturais, cívicas e sociais
		UC1433_3	Desenvolver accións de innovación, dixitalización, comunicación, márketing cultural e participación social
MP1126	Animación turística	UC1091_3	Xestionar departamentos de animación turística
		UC1092_3	Deseñar, promover e avaliar proxectos de animación turística
MP1128	Desenvolvemento comunitario	UC1020_3	Establecer e manter relación cos principais axentes comunitarios (poboación, técnicos/as e administracións) e dinamizando a relación recíproca entre eles
		UC1021_3	Promover a participación cidadá nos proxectos e nos recursos comunitarios
		UC1023_3	Intervir, apoiar e acompañar na creación e no desenvolvemento do tecido asociativo
		UC1025_3	Aplicar procesos e técnicas de mediación na xestión de conflitos entre axentes comunitarios
MP1129	Información xuvenil	UC1874_3	Organizar e xestionar servizos de información de interese para a xuventude
		UC1875_3	Organizar e xestionar accións de dinamización da información para a xuventude
MP1130	Intervención socioeducativa con xente nova	UC1876_3	Organizar accións socioeducativas dirixidas á xuventude no marco da educación non formal

CS | Animación sociocultural e turística

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1022_3	Dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de intervencións e proxectos comunitarios, e de participación cidadá que se desenvolvan entre os axentes que configuran unha comunidade ou unha zona territorial	MP0344	Metodoloxía da intervención social
UC1024_3	Establecer estratexias de comunicación e difusión dos proxectos e as actuacións comunitarias		
UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social		
UC1868_2	Aplicar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre e outros ámbitos da educación non formal	MP1123	Actividades de lecer e tempo libre
UC1869_3	Coordinar a planificación, a xestión e a avaliación de proxectos de tempo libre educativo e noutros ámbitos da educación non formal		
UC1093_3	Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer	MP1124	Dinamización grupal
UC1867_2	Intervir en procesos grupais no marco do tempo libre educativo e outros ámbitos da educación non formal		
UC1870_3	Liderar equipos de persoal monitor en proxectos de tempo libre educativo e outros ámbitos de educación non formal		
UC1431_3	Xestionar actividades culturais	MP1125	Animación e xestión cultural
UC1432_3	Programar e dinamizar proxectos culturais coas redes asociativas culturais, cívicas e sociais		
UC1433_3	Desenvolver accións de innovación, dixitalización, comunicación, márketing cultural e participación social		
UC1091_3	Xestionar departamentos de animación turística	MP1126	Animación turística
UC1092_3	Deseñar, promover e avaliar proxectos de animación turística		
UC1020_3	Establecer e manter relación cos principais axentes comunitarios (poboación, técnicos/as e administracións) e dinamizando a relación recíproca entre eles	MP1128	Desenvolvemento comunitario
UC1021_3	Promover a participación cidadá nos proxectos e nos recursos comunitarios		
UC1023_3	Intervir, apoiar e acompañar na creación e no desenvolvemento do tecido asociativo		
UC1025_3	Aplicar procesos e técnicas de mediación na xestión de conflitos entre axentes comunitarios		
UC1874_3	Organizar e xestionar servizos de información de interese para a xuventude	MP1129	Información xuvenil
UC1875_3	Organizar e xestionar accións de dinamización da información para a xuventude		
UC1876_3	Organizar accións socioeducativas dirixidas á xuventude no marco da educación non formal	MP1130	Intervención socioeducativa con xente nova

Duración: 2000 horas

CS | Educación infantil

Que se aprende a facer?

Deseñar, pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

En que ámbitos se traballa?

No sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

Que ocupacións se desempeñan?

Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas | Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais | Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

Que título se obtén?

Título de Técnico superior en Educación infantil.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	183
1º	MP0011	Didáctica da educación infantil	240
1º	MP0014	Expresión e comunicación	183
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	157
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	219
2º	MP0016	Desenvolvemento socioafectivo	191
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP0017	Habilidades sociais	164
2º	MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social	164
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0020	Primeiros auxilios	82
2º	MP0019	Proxecto intermodular de atención á infancia	50

Nota*: Módulos optativos

CS | Educación infantil

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0011	Didáctica da educación infantil	UC1028_3	Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas de cero a tres anos
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	UC1029_3	Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social		
MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	UC1030_3	Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil
MP0014	Expresión e comunicación	UC1031_3	Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	UC1033_3	Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretándoas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos
MP0017	Habilidades sociais	UC1027_3	Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con diferentes profesionais
MP0016	Desenvolvemento socioafectivo	UC1032_3	Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do neno ou da nena cos seus iguais e coas persoas adultas
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social		

CS | Educación infantil

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1027_3	Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con diferentes profesionais	MP0017	Habilidades sociais
UC1028_3	Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas de cero a tres anos	MP0011	Didáctica da educación infantil
UC1029_3	Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco	MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil
UC1030_3	Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil	MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía
UC1031_3	Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social	MP0014	Expresión e comunicación
UC1033_3	Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretándoas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos	MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor
UC1032_3	Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do neno ou da nena cos seus iguais e coas persoas adultas	MP0016 MP0018	Desenvolvemento socioafectivo Intervención con familias e atención a menores en risco social

Duración: 2000 horas

CS | Formación para a mobilidade segura e sostible

Que se aprende a facer?

Deseñar, impartir e avaliar o ensino dirixido á educación e á formación viaria, incluíndo a relativa á convivencia cos distintos modos de transporte e o seu uso en condicións de seguridade e sustentabilidade ambiental, así como á mobilidade nas vías públicas, incluíndo a relativa á convivencia cos distintos modos de transporte e o seu uso en condicións de seguridade, formando e sensibilizando aspirantes á obtención do permiso ou a licenza de condución, a condutores e condutoras e, en xeral, a calquera persoa usuaria da vía, educando en valores de seguridade viaria e sustentabilidade ambiental do transporte e instruíndo en prevención de accidentes viarios laborais e en mobilidade sustentable e segura.

En que ámbitos se traballa?

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade en pequenas, medianas e grandes empresas dedicadas á formación de condutores e condutoras para a obtención das autorizacións administrativas para conducir e, en xeral, á formación para a seguridade viaria. Tamén poderán exercer funcións relacionadas coa educación viaria, a seguridade viaria laboral e a mobilidade segura e sustentable, en entidades públicas e privadas.

Que ocupacións se desempeñan?

Profesor/a de formación viaria | director/a de escolas de condutores/as | formador/a de cursos de sensibilización e reeducación viaria | formador/a de cursos de mercadorías perigosas | director/a de centros de formación de mercadorías perigosas | educador/a en programas ou actividades de educación viaria en centros educativos, centros de maiores, concellos, asociacións, empresas, e administracións de ámbito estatal, autonómico ou local | asesor/a de seguridade viaria laboral en entidades públicas e privadas | asesor/a en plans de mobilidade en entidades públicas e privadas | docente en seguridade viaria | monitor/a de cursos de condución segura.

Que título se obtén?

Título de Técnico superior en Formación para a mobilidade segura e sustentable.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1658	Didáctica da formación para a seguridade viaria	106
1º	MP1656	Educación viaria	151
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1657	Seguridade viaria	178
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP1653	Técnicas de condución	76
1º	MP1654	Tecnoloxía básica do automóbil	50
1º	MP1651	Tráfico, circulación de vehículos e transporte por estrada	202
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1655	Didáctica do ensino práctico da condución	437
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP1659	Mobilidade segura e sostible	164
2º	MP1652	Organización da formación das persoas condutoras	137
2º	MP0020	Primeiros auxilios	82
2º	MP1660	Proxecto intermodular de formación para a mobilidade segura e sostible	50

Nota*: Módulos optativos

Duración: 2000 horas

CS | Formación para a mobilidade segura e sostible

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0020	Primeiros auxilios	UC1873_3	Programar, impartir e avaliar actividades de sensibilización, reeducación e formación no ámbito da seguridade viaria
MP1651	Tráfico, circulación de vehículos e transporte por estrada	UC1872_3	Impartir e avaliar a formación requirida para a condución de vehículos
MP1652	Organización da formación das persoas condutoras	UC1871_3	Organizar e preparar o contexto de ensino e aprendizaxe nas escolas particulares de condución
MP1655	Didáctica do ensino práctico da condución	UC1872_3	Impartir e avaliar a formación requirida para a condución de vehículos
MP1657	Seguridade viaria	UC1873_3	Programar, impartir e avaliar actividades de sensibilización, reeducación e formación no ámbito da seguridade viaria
MP1658	Didáctica da formación para a seguridade viaria	UC1871_3	Organizar e preparar o contexto de ensino e aprendizaxe nas escolas particulares de condución

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1872_3	Impartir e avaliar a formación requirida para a condución de vehículos	MP1651	Tráfico, circulación de vehículos e transporte por estrada
		MP1654	Tecnoloxía básica do automóbil
UC1873_3	Programar, impartir e avaliar actividades de sensibilización, reeducación e formación no ámbito da seguridade viaria	MP1657	Seguridade viaria
UC1871_3	Organizar e preparar o contexto de ensino e aprendizaxe nas escolas particulares de condución	MP1658	Didáctica da formación para a seguridade viaria
		MP1652	Organización da formación das persoas condutoras

Duración: 2000 horas

CS | Integración social

Que se aprende a facer?

Programar, organizar, pór en práctica e avaliar as intervencións de integración social aplicando estratexias e técnicas específicas, promovendo a igualdade de oportunidades, con actitude de respecto cara ás persoas destinatarias e garantindo a creación de ámbitos seguros, tanto para profesionais como para as persoas destinatarias.

En que ámbitos se traballa?

No sector dos servizos ás persoas (de tipo asistencial, educativo, de apoio na xestión doméstica e psicosocial) e no de servizos á comunidade (atención psicosocial a colectivos e persoas en desvantaxe social, mediación comunitaria, inserción ocupacional e laboral, promoción de igualdade de oportunidades e defensa dos dereitos das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e as súas fillas).

Que ocupacións se desempeñan?

